

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte RESOLUCION:

Nº REGISTRO	DATA
70	25/04/02
ENTRADA	

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Antonio López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

VOCAIS

D. Luis M^a Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).
Dna. M^a Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia).
D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais).

VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DO CONCELLO DE O GROVE.

D. Xoan Xosé Torres Costas.
D. Ramón Garrido Otero.

VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE SAN VICENTE DO CONCELLO DE O GROVE.

D. Calixto Escariz.
D. Servando Garrido Castro.

VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE NOALLA DO CONCELLO DE SANXENXO.

D. Antonio Touriño Rey.
D. Guillermo García Otero.

SECRETARIA

Dna. M^a José León Gómez
(Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día oito de febreiro do 2002, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3^a planta do edificio sito no n^o 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Riba das Vellas e outros" da parroquia de San Martiño do concello de O Grove.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por D. Rafael Mourelos Rodiño, D. Xoan Xosé Torres Costas e D. Bernardino Filgueira Alvarez, solicitouse en data 05/12/96, a iniciación dos trámites para a clasificación como veciñais en man común dos montes "Riba das Vellas e outros" da parroquia de San Martiño do concello de O Grove.

SEGUNDO.- Con data de rexistro de entrada 30/09/98 renúciase á clasificación das parcelas n^o 21 Robaleiras, n^o 22 Rio do Vilar, n^o 25 Serpente Este, Centro e Oeste, n^o 38 Campo dos Abrollos e n^o 40 Capela da Lanzada.

TERCEIRO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 12/04/00 acordou iniciar os trámites para a clasificación, así como a remisión do expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais co obxecto de elaborar o informe preceptivo.

CUARTO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente

Faint text and a handwritten mark at the bottom left of the page.

esixida, procedeuse á apertura do trámite de audiencia formulándose as alegacións que se consideraron oportunas e practicándose a proba declarada pertinente.

QUINTO.- Por acordo do Xurado na reunión celebrada en data 29 de novembro do 2000, noméase Instructor do expediente a D. Teodoro Arribas Serrano.

SEXTO.- Polo Instructor do expediente, D. Teodoro Arribas Serrano, expónse a súa proposta, manifestando que os montes Riba das Vellas e outros dos que se solicita a súa clasificación, pódense agrupar da seguinte forma:

NOME DO MONTE: Fonte Soutullo e outros.

Formado polas parcelas: Fonte Soutullo, Río dos Lagos, Leste Gatiñeira, Monte da Zapateira, Monte da Garita, Ferreiras de Feáns, Outeiriño de Arriba, Paramiño e parte da Sur Gatiñeira. Neste monte atópanse as instalacións do centro de interpretación da natureza de Siradella de acordo coa cesión que o concello de O Grove fixo á Consellería de Agricultura, hoxe Consellería de Medio Ambiente.

CABIDA: 90 Has. aproximadamente

LINDES:

NORTE: Fincas particulares, muro por medio e estrada O Grove – Alto da Siradella.

SUR: Límite parroquial con San Vicente de O Grove e estrada a San Vicente.

LESTE: Estrada Pontevedra – O Grove, fincas particulares muro por medio e camiño a Con do Loureiro.

OESTE: Límite parroquial de San Vicente de O Grove, estrada O Grove – Reboredo, fincas particulares, muro por medio e estrada O Grove – Alto da Siradella.

COLINDANTES:

NORTE: A Toxa, S.A., Herdeiros Irmáns Otero Goday.

SUR: Monte clasificado da CMVMC de San Vicente de O Grove.

LESTE: Herdeiros de Joaquín, Eloy Alvarez e outros, A Toxa, S.A., Pilar Romero Lorenzo e outros.

OESTE: Agustín Beltrán e Gabriel Bea, Ramón Rodal e Amancio Barral e MVMC de San Vicente de O Grove.

Propónse a súa clasificación por terse demostrado, no curso do expediente, o aproveitamento veciñal de feito en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos veciños da parroquia.

NOME DO MONTE: Cruz de Feáns e outros.

Formado polas parcelas: Cruz de Feáns, Monte de Paredes (excluída a superficie explanada onde se atopa a escola taller do concello de O Grove), Castro, Costa de Feáns, Costa do Xaniño, Con do Ouro, A de Flores, Da de Flores de Abaixo.

CABIDA: 28 Has. aproximadamente

LINDES:

NORTE: Fincas particulares muro por medio .

SUR: Fincas particulares muro por medio, camiño e estrada Pontevedra – O Grove.

LESTE: Fincas particulares muro por medio, antiga estrada Pontevedra – O Grove e escola taller do Concello de O Grove.

OESTE: Fincas particulares, muro por medio e camiño da Granxa.

COLINDANTES:

NORTE: Antonio Fontoira e outros.

SUR: Herdeiros de D. Eopoldo, Eduardo Vieira.

LESTE: Jacobo Aguiñ Aguiño e outros, José Garrido.

OESTE: A Toxa, S.A., Eduardo Vieira e Herdeiros de Pablo Domínguez e outros.

Propónse a súa clasificación por terse demostrado, no curso do expediente, o aproveitamento veciñal de feito en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos veciños da parroquia.

RESTO DAS PARCELAS das que se solicita a súa clasificación: Denominadas Caba da Loba Norte, Caba da Loba Sur e parte da Sur, Riba das vellas, Cón da Cruz, Carracedo, Con do Zapato, Alleiriña, As Salgadas, A do Quinto ou Casteliño, Riba das Eiras, Norte da Granxa, Braña dos Muiños, Istmo da Lanzada, Con de Peroucho, Parcela Central de A Toxa, Norte e Sur Ponte da Toxa, Louxo Pequeño, Sur Mourisca e Touris Illa.

Propónse a non clasificación en base a:

.- Con respecto ás parcelas Caba da Loba Norte, Caba da Loba Sur e parte da Sur Gatiñeira por atoparse xa clasificadas a favor da CMVMC de San Vicente de O Grove.

.- Con respecto ás parcelas Riba das Vellas, Con da Cruz, Carracedo, Con do Zapato, Alleiriña, As Salgadas, A do Quinto ou Casteliño, Riba das Eiras, Norte da Granxa, Braña dos Muiños, Istmo da Lanzada, Con de Peroucho, Parcela Central de A Toxa, Norte e Sur Ponte da Toxa, Louxo Pequeño, Sur Mourisca e Touris Illa por non ter acreditado o aproveitamento veciñal en exclusividade polos veciños de San Martiño de O Grove.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2.- De conformidade co recollido no artigo 1 da citada Lei 13/1989, do 10 de outubro, o feito que xustifica ou exclúe a clasificación como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse demostrado ou non o aproveitamento veciñal de feito de dito monte, reservándose á xurisdicción civil ordinaria os temas de dominio e demais dereitos reais sobre o monte.

3.- De acordo co establecido no artigo 12 da Lei 55/80, de montes veciñais en man común, e no artigo 27 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, non será obstáculo á clasificación dun

monte como veciñal en man común o feito de estar incluído nalgún catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade, salvo que os asentos se practiquen en virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo.

4.- En consideración ó exposto e de conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, así como no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, compre entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de específica e xeral aplicación ó caso examinado, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

1º.- Clasificar como veciñais en man común a favor dos veciños da parroquia de San Martiño do concello de O Grove os montes “Fonte Soutullo e outros” e “Cruz de Feáns e outros” por terse demostrado no curso do expediente o aproveitamento veciñal de feito en réxime de comunidade sen asignación de cuotas e reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descripción, cabida e lindes sinalados no antecedente de feito sexto.

2º.- Non clasificar como veciñais en man común as parcelas seguintes: Coba da Loba Norte, Coba da Loba Sur e parte da Sur, Riba das Vellas, Con da Cruz, Carracedo, Con do Zapato, Alleiriña, As Salgadas, A do Quinto ou Casteliño, Riba das Eiras, Norte da Granxa, Braña dos Muiños, Istmo da Lanzada, Con de Peroucho, Parcela Central de A Toxa, Norte e Sur Ponte da Toxa, Louxo Pequeño, Sur Mourisca e Touris Illa, polos seguintes motivos:

- Coba da Loba Norte, Coba da Loba Sur e parte da Sur Gatiñeira por atoparse xa clasificadas a favor da CMVMC de San Vicente de O Grove.
- Riba das Vellas, Con da Cruz, Carracedo, Con do Zapato, Alleiriña, As Salgadas, A do Quinto ou Casteliño, Riba das Eiras, Norte da Granxa, Braña dos Muiños, Istmo da Lanzada, Con de Peroucho, Parcela Central de A Toxa, Norte e Sur Ponte da Toxa, Louxo Pequeño, Sur Mourisca e Touris Illa por non ter acreditado o aproveitamento veciñal en exclusividade polos vecinos de San Martiño de O Grove.

Os representantes da parroquia de San Martiño do concello de O Grove expresan a súa disconformidade coa resolución adoptada manifestando a total diferenza, ó seu parecer, en canto ós lindes das parcelas das que se solicitó a súa clasificación en relación cos expostos, así como respecto dos lindes existentes nas resolucións de clasificación dos montes veciñais da parroquia de San Vicente do concello de O Grove e da parroquia de Noalla do concello

820

de Sanxenxo, facendo constar as múltiples denuncias efectuadas no curso da tramitación do expediente de que se trata.

Por parte dos representantes da Comunidade veciñal da parroquia de Noalla do concello de Sanxenxo non se expresa disconformidade coa resolución adoptada. Así mesmo, os representantes da Comunidade Veciñal da parroquia de San Vicente do concello de O Grove manifestan que historicamente son lindeiros con San Martiño e Noalla engadindo a súa conformidade coa resolución adoptada en canto á parroquia de San Martiño de O Grove.

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



Handwritten signatures in blue ink, including a large signature that appears to be 'L. M. Martínez' and several other illegible signatures.

DILIXENCIA.-

Para facer constar que sendo as once horas e trinta minutos do día un de marzo do dous mil dous, ante mín, María José León Gómez, Secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, comparecen D. Servando Garrido Castro e D. Calixto Escariz Vázquez, na súa cualidade de vocais representantes da Comunidade Veciñal en man común da parroquia de San Vicente do concello de O Grove na reunión do Xurado Provincial celebrada o día 8 de febreiro do dous mil dous na que se resolveu o expediente para a clasificación co carácter de veciñal en man común dos montes "Fonte Soutullo e outros" e "Cruz de Feans e outros" a favor dos veciños da parroquia de San Martiño do citado concello de O Grove, manifestando a súa negativa á sinatura da Resolución adoptada en relación co expediente de referencia baseándose en que a Resolución e planimetría que forma parte inseparable da mesma non se corresponden co acordo adoptado no seu día polo Xurado.

E para que así conste, asinan a presente no lugar e data sinalados no encabezamento.



822-

DILIXENCIA.-

Para facer constar que sendo as dez horas e cincoenta minutos do día cinco de marzo do dous mil dous, ante mín, María José León Gómez, Secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, comparecen D. Xoan Xose Torres Costas e D. Ramón Garrido Otero, na súa cualidade de vocais representantes da parroquia de San Martiño do concello de O Grove na reunión do Xurado Provincial celebrada o día 8 de febreiro do dous mil dous na que se resolveu o expediente para a clasificación co carácter de veciñal en man común dos montes "Fonte Soutullo e outros" e "Cruz de Feans e outros" a favor dos veciños da parroquia de San Martiño do citado concello de O Grove, manifestando a súa negativa á sinatura da Resolución adoptada en relación co expediente de referencia en base ós seguintes motivos:

1º.- Disconformidade total con respecto ós lindes Sur e Oeste sinalados na clasificación do monte "Fonte Soutullo e outros" por non corresponderse cos lindes parroquiais históricos.

2º.- Disconformidade absoluta no que refire ós argumentos esgrimidos polo Xurado para resolver a non clasificación das parcelas que se indican. En concreto:

.- Respecto ás parcelas Caba da Loba Norte, Caba da Loba Sur e parte da Sur Gatiñeira, pola razón xa exposta no punto 1º en relación ós lindes históricos.

.- Respecto ás parcelas Riba das Vellas, Con da Cruz, Carracedo, Con do Zapato, Alleiriña, As Salgadas, A do Quinto ou Casteliño, Riba das Eiras, Norte da Granxa, Braña dos Muiños, Istmo da Lanzada, Con de Peroucho, Parcela Central de A Toxa, Norte e Sur Ponte da Toxa, Sur Mourisca e Touris Illa, por considerar que o seu aproveitamento á data de hoxe é un auténtico feito.

Asímesmo, e no que afecta á parcela non clasificada denominada "Istmo da Lanzada" engaden o feito de non estar de acordo cos lindes parroquiais.

No que refire á parcela non clasificada denominada Louxo Pequeño maniféstase a conformidade coa non clasificación acordada polo Xurado, en base ás alegacións obrantes no expedientes verquidas polos comparecentes.

E para que así conste, asinan a presente no lugar e data sinalados no encabezamento.



Garrido

